

WEBINAR “Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a RSE”

A AEF en colaboración da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, organiza este webinar para informar as empresas do programa de axudas para a elaboración e implantación de plans de igualdade, a conciliación, e obtención de certificacións en materia de responsabilidade social empresarial (RSE).

INTERVEÑEN:

- Elena Mancha Montero de Espinosa. Directora Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade na Xunta de Galicia.
- Carlos Gómez Martínez. Subdirector Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade na Xunta de Galicia.

Hora: de 12,00 horas a 12,45 horas.
Data: venres, 18 de febreiro de 2022.
Modalidade: Telemática.

WEBINAR “Programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a RSE”

O obxectivo da Webinar é analizar e dar a coñecer as tres liñas de axudas que se inclúen neste programa, características de cada unha, requisitos dos beneficiarios, contía das axudas, prazos de presentación, etc.

- Liña I.- Diagnóstico da empresa en materia de igualdade, elaboración de plans de igualdade e implantación das súas primeiras accións; así como a contratación dunha persoa experta para asesorar á empresa en todo este proceso.
- Liña II.- Incentivos para o fomento do teletraballo, a flexibilidade horaria e a adquisición de elementos tecnolóxicos que posibiliten a implantación efectiva do traballo a distancia.
- Liña III.- Financiación para a obtención de certificacións en materia de RSE (GRI; Pacto mundial; ISO 45001; ISO 14000; certificación empresa saudable, etc.)

Tras a intervención dos relatores, abrirase un espazo de preguntas, para resolver as dúbidas que poidan xurdir.

Inscripción gratuíta | Prazas limitadas

Imprescindible inscrición: 981 333 305 / info@empresarios-ferrolterra.org